

ANUNCIO

BOLSAS DE EMPREGO DO CONCELLO DO GROVE PARA CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL

AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA PRESENTAR SOLICITUDES

Acordo da Xunta de Goberno Local do 17 de agosto de 2016:

“Por acordo da Xunta de Goberno Local do 18 de xullo de 2016 aprobouse a creación de dúas bolsas de emprego, unha de carácter xeral e outra máis específica para a Festa do Marisco, cun prazo de presentación de instancias de 15 días hábiles, desde a publicación das bases reguladoras dos procedementos de selección do persoal no BOP de Pontevedra, que tivo lugar o 2 de agosto de 2016.

Considerando que a partir do vindeiro 31 de agosto remata un gran número de contratos temporais e moitos destes novos traballadores desempregados poden ter interese en ser incluídos nas citadas bolsas de emprego.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade:

Prorrogar ata o 15 de setembro de 2016 o prazo de presentación de instancias para tomar parte nas bolsas de emprego do Concello do Grove, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local do 18/07/2016, cuxas bases foron publicadas no BO da Provincia de Pontevedra do 02/08/2016, admitíndose como presentadas dentro de prazo todas as solicitudes comprendidas entre o 3 de agosto e o 15 de setembro de 2016”.

O Grove, 18 de agosto de 2016

O alcalde, José A. Cacabelos Rico